

Xoves, 28 de decembro de 2023

Núm. 248

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CANGAS****Recadación**

*APROBACIÓN, EXPOSICIÓN AO PÚBLICO E COBRANZA DO PADRÓN DO CONSERVATORIO
2º TRIMESTRE CURSO 2023-2024*

ANUNCIO

*EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA EN VOLUNTARIA DO PADRÓN DE TAXA POR IMPARTICIÓN
DE ENSINANZAS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE CANGAS
CORRESPONDENTE AO 50% DA MATRICULA E AO 2º TRIMESTRE DO CURSO 2023-2024*

A ALCALDÍA-PRESIDENCIA, mediante Resolución de data 21 de decembro de 2023,

RESOLVEU

“PRIMEIRO.— Aprobar o Padrón da Taxa por impartición de ensinanzas no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Cangas correspondente ao 50% da matrícula e ao 2º trimestre do curso 2023-2024 ao abeiro do establecido na Ordenanza Fiscal nº 19.

SEGUNDO.— Establécese o período voluntario de cobranza entre os días 05 de xaneiro e 05 de marzo de 2024. O cargo en conta dos recibos domiciliados será o día 08 de xaneiro de 2024. O transcurso do período voluntario de ingreso sen que este se produza, determinará o inicio do procedemento executivo, co devengo e esixencia dos recargos, intereses e demais conceptos que correspondan, de acordo co disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

TERCEIRO.— Esta Resolución notificarase colectivamente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así como a través de Edictos. A partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o Padrón permanecerá exposto ó público durante 15 días hábiles, a efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e recursos que estimen pertinentes.

CUARTO.— Contra a presente resolución e o Padrón que aproba, cabe interpoñer recurso de reposición perante a Alcaldía do Concello de Cangas no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da finalización da exposición pública, sen prexuízo de que os interesados poidan presentar calquera outro recurso que estimen pertinente.”

Documento asinado electronicamente.

